



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO:

1º

ANO ACADÉMICO:

2020/2021

ÍNDICE

1. CONTEXTO	3
• CENTRO	3
• ALUMNADO	4
• OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO	4
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	5
2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.....	5
2.2 1ª AVALIACIÓN.....	6
2.3 2ª AVALIACIÓN.....	7
2.4 3ª AVALIACIÓN.....	8
3. METODOLOXÍA PRESENCIAL	9
• Aspectos xerais:	9
• Estratexias metodolóxicas	9
• Exemplo de secuenciación de traballo na aula.....	10
• Outras decisións metodolóxicas:	10
• Agrupamentos:	10
• Tempos:	10
• Espazos:	10
4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:	11
• Plataforma de ensino:.....	11
• Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:	11
• Plataforma/medio de comunicación coas familias:.....	11
• Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:	11
• Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:	11
5. AVALIACIÓN	12
• AVALIACIÓN INICIAL.....	12
• AVALIACIÓN CONTINUA	12
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	13
• CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO	19
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	21
7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	22
• INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	22
• INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	22
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	23
• Periodicidade coa que se revisará.	23
• Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.....	23
• Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.	23
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	24
• MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS.....	24
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	25

1. CONTEXTO

• CENTRO

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

Poboación inmigrante:

Este curso académico incorporáronse alumnos/as de Uruguai e de Bulgaria. Xa estaban no centro alumnos/as de procedencia uruguaia e tamén de orixe chinesa.

Alumnado con NEAE no curso actual:

Preséntanse alumnos/as con TDAH, primando o déficit de atención; alumnado con TEA e tamén alumnos/as con dificultades específicas no aprendizaxe (dificultades na lectoescritura principalmente). Tamén hai diagnósticos de dislalias e TEL.

Outras características:

Nas dúas liñas de 1º de EP contamos con 25 alumnos/as por aula.

Contamos coa axuda do DO para a avaliación de todas as dificultades do alumnado e o seu seguimento e apoio. Ó tratarse do 1º curso da EP o diagnóstico e comezo de adaptación das medidas de carácter ordinarias, ou extraordinarias de ser preciso, é primordial e precisa unha continua revisión.

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

No curso 19/20 non quedaron estándares imprescindibles sen traballar/acadar, pois ademais contamos cun cambio de etapa o que conleva un cambio na lexislación. Nesta área destaca o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado, a cal pretendemos que se alcance na etapa educativa grazas ós 5 bloques de contidos. Destaca a importancia de resaltar o coñecemento de vocabulario galego por parte dos nenos/as.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.2 1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS		Material de referencia	Temporalización	
	BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR 4. COÑECEMENTO DA LINGUA			Mes	Número de sesións
FALAMOS GALEGO	B1.1.	Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.	Libro de texto, material fotocopiable e funxible, ordenadores.	Setembro -outubro	20
	B1.2.	Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.			
	B1.4	. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.			
	B3.7.	Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.			
	B2.4.	Interpretación da información das ilustracións.			
DEFRUTAMOS COA LINGUA	B1.3.	Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	Libro de texto, material fotocopiable e funxible, ordenadores.	Outubro-novembro	16
	B1.9.	Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.			
	B5.5.	Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.			
A VOLTAS COA LINGUA	B1.5.	Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).	Libro de texto, material fotocopiable e funxible, ordenadores.	Novembro -decembro	20
	B3.4.	Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.			
	B4.3.	Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.			
	B2.1.	Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.			

	B2.2.	Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.			
--	-------	---	--	--	--

2.3 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS		Material de referencia	Temporalización	
	BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR 4. COÑECEMENTO DA LINGUA 5. EDUCACIÓN LITERARIA			Mes	Número de sesións
PROFUNDÍZANSE NOS CONTIDOS ANTERIORES E A MAIORES SE INCLÚE:					
LINGUA ACTIVA	B1.6.	Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	Libro de texto, material fotocopiado e funxible, ordenadores.	Xaneiro-febreiro	15
	B1.7.	Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.			
	B2.7.	Iniciación á creación da biblioteca persoal.			
	B4.4.	Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.			
	B4.5.	Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.			
	B4.6.	Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.			
TRABALLO GALEGO	B1.10.	Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	Libro de texto, material fotocopiado e funxible, ordenadores.	Febreiro-marzo	15
	B3.1.	Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.			
	B3.6.	Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.			
	B4.1	. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.			
	B5.2.	Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.			
	B5.6.	Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.			
	B5.7.	Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.			
MOLAMOS OS GALEGOS	B2.5.	Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar		Febreiro-marzo	10

		progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	Libro de texto, material fotocopiado e funxible, ordenadores.		
B2.8.		Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.			
B2.9.		Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.			
B3.3.		Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições, explicacións elementais).			
B3.5.		Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).			
B4.2.		Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.			
B5.4.		Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.			

2.4 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS		Material de referencia	Temporalización	
	BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR 4. COÑECEMENTO DA LINGUA 5. EDUCACIÓN LITERARIA			Mes	Número de sesións
PROFUNDÍZANSE NOS CONTIDOS ANTERIORES E A MAIORES SE INCLÚE:					
ABRIL E O GALEGO	B1.8.	Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	Libro de texto, material fotocopiado e funxible, ordenadores.	Abril- maio	16
	B2.6.	Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos tex-tuais diversos.			
	B3.8.	Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.			
	B3.9.	Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.			
ROSALÍA DE CASTRO	B2.3.	Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).		Abril- maio	16
	B3.2.	Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.			
O VERÁN E O GALEGO	B3.10.	Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	Libro de texto, material	Maio- xuño	12

	B5.1.	Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.	fotocopiable e funxible, ordenadores.		
	B5.3.	Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.			

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

De acordó ó currículo da educación primaria, os aspectos xerais a seguir na metodoloxía desta área e de todas recóllense no artigo 15 do Decreto 105/2014:

- Especial **atención á diversidade e á detección de dificultades** de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).

- **Participación activa e inclusiva**, dirixida ao logro das competencias clave.

- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa **vida real** e, en relación á **Teoría das intelixencias múltiples**: adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.

- Deseño e posta en práctica de **actividades de aprendizaxe integradas**, que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo e traballando con distintos bloques de contidos á vez.

- Aprendizaxe partindo da **manipulación**.

- Aprendizaxe **cooperativa**: propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente. Seguirase o desenvolvemento de acordo co Programa CA/AC.

- **Aprender a pensar**: mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa **resolución de problemas da vida real**.

- Traballo da **lectura**, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.

- Levaremos a cabo o **Proxecto de Centro** “O camiño de Santiago”

- **Estratexias metodolóxicas**

De xeito máis concreto, como estratexias específicas a seguir destaca:

- Traballo organizado por **unidades didácticas** atendendo cada una delas a unha temática en común.

- **Valoración positiva** da implicación e do esforzo.
- **Participación** dentro da aula e nos espazos próximos ós nenos e nenas (do centro educativo).
- **Manipulación** de elementos reais.
- **Valoración individual** de cada composición e comparación da proba inicial coa realizada ó final do curso.
- Realización de **actividades de ampliación** para adaptar os tempos de traballo do alumnado.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

A secuenciación de traballo nas sesións será sempre a mesma:

- Introducción ou recordatorio da tarefa.
- Momento de realización persoal e supervisión da mestra.
- Valoración individual ou grupal do traballo realizado a través da exposición do realizado.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Nesta área, e nas demais do nivel, pretenderase contribuír ó proxecto lector, ó plan TIC, ó proxecto lingüístico e ó proxecto indicado do centro. Xa que os seus desenvolvementos integrados nas áreas permitiralles a súa integración no facer diario dos nenos/as.

- **Agrupamentos:**

Neste curso académico primará o traballo individual e, ó realízalo en pequenos grupos teranse en conta as medidas recollidas no protocolo COVID, polo que a contribución de cada neno/a a un traballo grupal será realizado tamén de xeito individual.

- **Tempos:**

De xeito xeral contamos con catro sesións semanais. No plano da temporalización das tarefas destaca a realización de actividades de ampliación para adaptar os tempos de traballo do alumnado. Isto é, dentro dunha mesma tarefa recolleranse actividades non de tipo imprescindibles, pero si con carácter profundizador na adquisición de competencias e estándares para aquel alumnado que o precise. Deste xeito, pola outra banda, primárase o respecto dos tempos de traballo para aqueles alumnos/nas que o precisen en maior medida para o correcta realización da tarefa.

- **Espazos:**

De xeito xeral as actividades desenvolveranse na propia aula asociada ó alumnado e, en momentos puntuais, realizaranse en outros espazos do centro.

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

En caso de confinamento por parte dun alumno ou dun grupo, destácase:

- **Plataforma de ensino:**

Empregarse como plataforma de ensino a Aula Virtual de formato Moodle do centro. Os nenos/as terán unha categoría específica de acceso á área de plástica na que poderán seguir a docencia desde a distancia. Na titoría xa se están acostumando ó seu uso desde as aulas.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

No caso de empregar a educación virtual, o alumnado con conectividade accederá á plataforma da Aula Virtual, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento. Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade non ten acceso a vídeos na súa versión Offline, polo cal se lle farían chegar outro tipo de materiais (fotocopias) e, de ser posible, enviaríanselle ás familias ligazóns a videotutoriais a través do correo corporativo, que poderían visualizar nos seus teléfonos móbiles.

5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización:

Ao longo das 2 primeiras semanas de clase faise unha observación directa das destrezas adquiridas polo alumnado no referido ós seus coñecementos previos e destrezas na áreas para cubrir unha lista de cotexo

Tipo de proba (descricaoión):

Valoración da conciencia fonolóxica e do nivel lector. Gradación de 4 niveis.

Mecanismo para informar ás familias:

Como titora transmitirei a información ás familias en titorías individualizadas.

Consecuencias dos resultados das probas:

O observado serviralle á mestra para coñecer as destrezas e coñecementos a reforzar e o punto de partida do alumnado, así coma os diferentes niveis do grupo clase.

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Nesta área se avaliará de xeito independente cada tema/unidade. As probas realizaranse no desenvolvemento de todo o trimestre.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Os traballos cualifícanse a través de lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva e rúbricas.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... Tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A ponderación dos estándares recóllese no seguinte apartado. O redondeo será á alza se a cualificación é de x,5. O grupo total de estándares supón o 100% da nota e, a súa agrupación en cada trimestre supón outro 100% de xeito específico para sito trimestre.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar							
LGB1.1.1 - Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	X	X		Lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva, rúbrica	Comprende a información de textos orais.	1%	CCL CAA
LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	X	X			Comprende a información en documentos audiovisuais.	1%	CCL CAA CSC CD
LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.			X		Participa unha conversa.	1%	CCL CAA CSC CSEIEE
LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	X	X			Sigue as instrucións sobre a organización do traballo.	1%	CCL CAA
LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.			X		Produce textos orais moi breves.	1%	CCL CSIEE CAA
LGB1.3.4 - Participa no traballo en pequeno grupo.		X	X		Participa no traballo	5%	CCL CSIEE CAA
LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	X	X	X		Atende as intervencións dos demais.	5%	CCL CSC
LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.	X	X	X		Respecta as opinións.	1%	CCL CSC
LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	X	X	X		Respecta as quendas de palabra.	1%	CCL CSC CAA
LGB1.5.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	X	X	X		Respecta as opinións.	1%	CCL CSC CCEC

LGB1.5.3 - Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.			X		Utiliza e valora a lingua galega.	1%	CCL CSC CCEC
LGB1.5.4 - Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	X	X	X		Mira a quen fala.	1%	CCL CSC CCEC
LGB1.5.5 - Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	X	X	X		Manten o tema e mostra interese.	1%	CCL CSC CCEC
LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	X	X	X		Participa nunha conversa.	1%	CCL CSC CCEC CAA
LGB1.6.1 - Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.		X	X		Case sempre usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas	1%	CCL CAA
LGB1.7.1 - Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.		X	X		Amosa respecto e traballa en pequeno grupo.	2%	CCL CAA CSIEE
LGB1.8.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega			X		Interésase por expresarse oralmente ben.	1%	CCL CAA CCEC CSIEE
LGB1.9.1 - Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.		X	X		Non emprega una linguaxe discriminatoria.	0,5%	CCL CSC
LGB1.9.2 - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	X	X	X		Utiliza unha linguaxe respectuosa.	1%	CCL CSC
LGB1.10.1 - Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...		X	X		Identifica a lingua galega oral.	0,5%	CCL CCEC
LGB1.10.2 - Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.			X		Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega nalgúns momentos.	0,5%	CCL CCEC CSC
Bloque 2: Comunicación escrita: ler							
LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do		X	X		Comprende a información relevante de textos sinxelos.	2%	CCL CD CSC

alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.				Lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva, rúbrica			
LGB2.1.2 - Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	X	X			Comprende informacións concretas de textos sinxelos.	3%	CCL
LGB2.1.3 - Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).		X	X		Localiza información en textos breves e sinxelos.	1%	CCL CAA CSIEE
LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	X	X			Comprende a información de ilustracións.	1%	CCL CAA CSC CSIEE CMCT
LGB2.3.1 - Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.		X	X		Descodifica de forma case sempre axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	6%	CCL CAA
LGB2.3.2 - Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.			X		Le textos sinxelos en voz alta.	2%	CCL
LGB2.4.1 - Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	X	X			Utiliza a biblioteca repectando as normas.	1%	CCL CAA CSC
LGB2.4.2 - Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.		X			Valora a biblioteca e manipula os libros con coidado.	1%	CCL CAA CSC
LGB2.5.1 - Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.		X			Amosa interese pola conservación do material.	1%	CCL CAA CSC
LGB2.6.1 - Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.			X		Amosa interese pola lectura.	0,5%	CCL CAA CSC CCEC
LGB2.7.1 - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.			X		Selecciona textos do seu interese.	0,5%	CCL

LGB2.7.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.		X	X		Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas.	1%	CCL CSC CAA CSIEE
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir							
LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.		X	X	Lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva, rúbrica	Reescribe textos moi sinxelos	1%	CCL CSIEE CAA
LGB3.1.2 - Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.			X		Elabora pequenos textos.	5%	CCL CSIEE CAA
LGB3.1.3 - Usa o punto nos seus escritos.			X		Emprega ás veces o punto.	1%	CCL
LGB3.1.4 - Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.		X	X		Interésase por aplicar regras ortográficas.	2%	CCL CSC CCEC
LGB3.1.5 - Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.		X	X		Compón pequenos textos sobre acontecementos próximos a súa experiencia.	1%	CCL CAA CSIEE
LGB3.1.6 - Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.			X		Compón textos relacionados coa escola.	1%	CCL CAA CSIEE
LGB3.2.1 - Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).			X		Utiliza extratexias para a produción de diferentes textos.	1%	CCL CAA
LGB3.3.1 - Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.		X	X		Elabora textos moi sinxelos.	1%	X CCL CSC CCEC CAA CSIEE
LGB3.4.1 - Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	X	X			Emprega os programas indicados.	1%	CCL CD CAA CSIEE

LGB3.5.1 - Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.		X	X		Ilustra con sentido.	1%	CCL CD CSIEE
LGB3.6.1 - Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.		X	X		Interésase pola presentación de textos.	1%	CCL CD CAA
LGB3.6.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.			X		Desfruta coa lingua escrita.	0,5%	CCL CSC
Bloque 4: Coñecemento da lingua							
LGB4.1.1 - Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas.		X	X	Lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva, rúbrica	Recoñece palabras e sílabas.	1%	CCL CAA
LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.		X	X		Diferencia as sílabas.	5%	CCL CAA
LGB4.1.3 - Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.		X	X		Identifica os nomes propios.	1%	CCL CAA
LGB4.1.4 - Sinala o xénero e número de palabras dadas.		X	X		Sinala o xénero e número	5%	CCL CAA
LGB4.2.1 - Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.			X		Coñece as normas ortográficas.	2%	CCL CSC CCEC
LGB4.3.1 - Recoñece a relación entre son e grafía.	X	X			Relaciona son e grafía.	5%	CCL CAA
LGB4.3.2 - Separa as palabras que conforman un enunciado.		X	X		Separa as palabras con carga de significado dun enunciado.	5%	CCL CAA
LGB4.4.1 - Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.		X			Compara as linguas.	0,5%	CCL CAA
Bloque 5: Educación literaria							
LGB5.1.1 - Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.			X	Lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva, rúbrica	Recrea de xeito moi sinxelo algún texto literario: breves contos, poemas, refráns, adiviñas,	1%	

					trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.		
LGB5.1.2 - Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.		X			Valora textos breves.	0,5%	
LGB5.2.1 - Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.		X	X		Le textos en silencio.	3%	
LGB5.2.2 - Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.		X	X		Le textos en voz alta.	3%	
LGB5.3.1 - Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.			X		Compón textos moi breves con guión.	1%	
LGB5.4.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.		X			Valora a literatura en calquera lingua.	0,5%	
LGB5.5.1 - Aмоса curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural		X			Aмоса curiosidade e respecto e valora a diversidade cultural.	0,5%	

- **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

- **CRITERIO NUMÉRICO:**

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

- **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

<u>CRITERIO</u>	Non promociona		Promociona	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promociona		Non promociona	
	4	3	2	1
4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio

4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCEC	<ul style="list-style-type: none">- Aprende composicións e o significado da literatura.- Iníciase no gusto pola lectura.- Comprende o valor das bibliotecas e o seu coidado.
CCL	<ul style="list-style-type: none">- Coñece de distintas formas de expresión oral e escrita.- Coñece aspectos propios da lingua.- Adquire destrezas lectoras e de escrita.
CAA	<ul style="list-style-type: none">- Participa en proxectos individuais e cooperativos.
CD	<ul style="list-style-type: none">- Emprega a pizarra dixital, tabletas e ordenadores como recurso.
CSIEE	<ul style="list-style-type: none">- Coida o material.- Organiza os traballos.
CMCCT	<ul style="list-style-type: none">- Emprega procesadores de texto,
CSC	<ul style="list-style-type: none">- Usa a lingua de xeito respectuoso.- Emprega a lingua falada e a escrita como medio de comunicación.

LEENDA COMPETENCIAS:

CCL Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CAA Competencia aprender a aprender.

CD Competencia dixital.

CSC Competencias sociais e cívicas.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC Conciencia e expresións culturais.

7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

• INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	4	3	2	1
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

• INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	4	3	2	1
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Aválase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará.**

A programación didáctica é un documento aberto que se irá revisando a medida que se vaia atopando a necesidade. Se irá reestruturando se é preciso a temporalización das actividades ou a idoneidade das mesmas.

- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**

Prestarase atención a que contidos propios do curso será preciso ampliar ou practicar máis e cales se deberán seguir traballando no seguinte.

- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**

Durante o curso iranse deseñando actividades de xeito que se traballen aqueles estándares que se consideren máis necesarios na globalidade da etapa de Primaria ou que se detecte que presentan unha maior dificultade na súa consecución. A temporalización terá que ser reaxustada neses casos.

Indicadores:

	Escala			
	4	3	2	1
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <ul style="list-style-type: none"> a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. b) Espazos diferenciados. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. <p>Cada alumno/a dispoñerá da súa zona de traballo e os tempos serán axustables (actividades de ampliación ou reforzo) sobre todo para o alumnado TDAH.</p> <p>Adecuarase o material de ser preciso co alumnado TEA.</p> <ul style="list-style-type: none"> Desdoblamento de grupos. Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. <p>Contarase co apoio do profesorado de PT e AL na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. <p>As tarefas propostas adáptanse de xeito xeral ó alumnado debido a súa variación é o incluír distintas actividades a realizar dentro de cada proxecto.</p> <ul style="list-style-type: none"> Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. <p>O tempo de traballo variará entre cada neno/a, de aí nace a necesidade da variedade nos instrumentos de avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. Programa específico para alumnado repetidor da materia. <p>Deseñárase de ser o caso.</p> <ul style="list-style-type: none"> Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.
Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Adaptacións curriculares na materia. De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. Alumnado con flexibilización na escolarización. Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraordinarias relacionadas coa área aparecen recollidas no apartado correspondente da PXA.